



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 17 DE NOVEMBRO DO 2022.

Sesión 15/2022-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Rebeca Mouriño Neira D^a Ana Paola Mondaca González D. María Luísa Rúa Prieto D^a Laura Rodríguez Pena D^a Sara Arrojo Dueñas</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN</u> (sen escusa)</p> <p>D^a María Soraya Salorio Porral D^a María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Sergio García López D^a María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D^a María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 17 de novembro do 2022, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno extraordinario do Concello de Sada, que ten lugar no Salón dos Plenos.

1º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA SOBRE GOBERNO MUNICIPAL.

Dáse conta polo presidente, sr. Portela Fernández (SM), do decreto da Alcaldía seguinte:

- Decreto núm. 1741, do 07/11/2022, de Reorganización do Goberno Municipal, cesamento de D^a María Nogareda Marzoa como membro da Xunta de Goberno Local e Segunda Tenente de Alcalde, e revogacións das delegacións da Alcaldía efectuadas en D^a María Nogareda Marzoa e en D. Breogán Blanco González.



Os membros asistentes danse por decatadas e decatados.

2º.- TOMA DE COÑECEMENTO DO ESCRITO DA PRESIDENCIA DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE DATA 07/11/2022, PARA OS EFECTOS DO PREVISTO NO ART. 73.3 DA LEI 7/1985, DE BASES DE RÉXIME LOCAL.

O presidente, sr. Portela Fernández (SM), di que ha propoñer a retirada deste punto polas razóns que expón dando lectura a un escrito, como se reflicte na videoacta.

Logo de ter dado conta de todo o anterior, a continuación procédese á votación da proposta do presidente de retirar este asunto da orde do día, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes retirar o asunto da orde do día.

3º.- CONTA XERAL 2021.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Especial de Contas e Facenda núm. 03/2022, do 14 de novembro, que recolle:

«CONTA XERAL DO CONCELLO DE SADA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021

- 1.- *Inadmitir as reclamacións á conta xeral presentadas por ██████████ no seu propio nome, como empregado público no Concello de Sada, e na súa condición de secretario xeral da sección sindical da Unión Sindical Obrera (USO). Rexistro 202299900004339 do 07.11.2022 por carecer manifestamente de fundamento de conformidade cos argumentos contidos no expediente.*
- 2.- *Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2021.*
- 3.- *Renderlle a Conta ao Tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo».*

Ábrese o debate do asunto, no que interveñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada de Facenda, Administración local, Administración electrónica, Contratación e Seguridade cidadá; a sra. Rodríguez Pena (BNG) e o presidente, sr. Portela Fernández (SM), para defender a xestión realizada nos últimos anos e fai público o seu agradecemento en nome de todo o seu grupo de goberno polo apoio social recibido antes da sesión plenaria de mañá venres, sobre moción de censura ao alcalde.

A continuación procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

- 1.- *Inadmitir as reclamacións á conta xeral presentadas por ██████████ no seu propio nome, como empregado público no Concello de Sada, e na súa condición de secretario xeral da sección sindical da Unión Sindical Obrera (USO). Rexistro 202299900004339 do 07.11.2022 por carecer manifestamente de fundamento de conformidade cos argumentos contidos no expediente.*
- 2.- *Aprobar a Conta Xeral do Concello de Sada correspondente ao exercicio 2021.*



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2022/G010/000016

3.- Renderlle a Conta ao Tribunal de Contas e Consello de Contas, unha vez aprobada, conforme ao establecido no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 34 minutos do día xoves 17 de novembro do 2022, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.